



## MEMORIA XUSTIFICATIVA

# **PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA Y LA FUNDACIÓN BOTÍN, PARA LA IMPLANTACIÓN DEL PROGRAMA 'EDUCACIÓN RESPONSABLE.**

### **Antecedentes**

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional destaca a formación do profesorado como un dous factores que favorecen a calidade do ensino e aos que se lles debe prestar unha atención prioritaria segundo a lexislación xeral vixente no sistema educativo, de xeito que se garanta a continua cualificación e formación do profesorado, a investigación, a experimentación e a innovación educativa. A formación do profesorado, por outra banda, constitúese deste xeito como un dereito e un deber de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros. Neste sentido, a Consellería emprendeu, mediante o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte os ensinos establecidos na Lei orgánica de educación (LOE) , en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, un profundo cambio nas estruturas da formación permanente do profesorado, que permitiron unha maior eficiencia e efectividade no desenvolvemento do talento e as competencias profesionais do profesorado necesarias para responder os desafíos educativos actuais, impulsando a súa aplicación e desenvolvemento na aula, buscando a excelencia educativa e o avance da calidade da educación e dos resultados escolares do alumnado.

Nese proceso de cambio, o propio Decreto 74/2011 establece a posibilidade de crear canles de colaboración en materia de formación do profesorado con outras entidades ou institucións públicas, ou persoais sen ánimo de lucro, e que teñan entre os seus fins básicos a mellora da formación do profesorado. No mesmo sentido, está a Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia, que desenvolve o Decreto 74/2011 e que establece a posibilidade de colaboración con outras entidades e institucións no campo da formación do profesorado.





Así mesmo, os decretos 105/2014, do 4 de setembro e o decreto 86/2015, do 25 de xuño ten por obxecto establecer, o currículo de educación primaria e de educación secundaria, respectivamente, no sistema educativo galego, dentro do marco de distribución de competencias da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, e en atención á nova configuración curricular baseada na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

A Fundación Botín está recoñecida, clasificada e inscrita polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte como fundación cultural persoal e ten como misión xerar desenvolvemento económico, social e cultural. Para isto intervén, entre outros ámbitos, na educación, impulsando formas novas de potenciar o talento e contribuír ao avance da calidade da educación. Concretamente, desenvolve o programa Educación Responsable, co fin de introducir a intelixencia emocional e social e o desenvolvemento da creatividade nas aulas para optimizar a calidade da educación e promover o crecemento saudable de nenos e nenas, proporcionando ao profesorado e ás familias os coñecementos e ferramentas necesarios para desenvolver neles as capacidades, actitudes e habilidades que lles permitan ser autónomos, competentes, responsables e solidarios, contribuíndo de maneira directa ao avance do clima de convivencia nos centros escolares. O programa Educación Responsable recolle as liñas de actuación da Fundación Botín no ámbito educativo.

### **Razóns de oportunidade**

O desenvolvemento da normativa antes citada aconsella iniciar unha liña de colaboración entre as dúas institucións asinantes do convenio, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Fundación Botín en aras de beneficiar con esta colaboración ao alumnado das etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

### **Obxectivos perseguidos**

As principais finalidades do protocolo de colaboración son:

1. Establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a fundación Botín nas accións e actividades dirixidas á implantación do programa de Educación Responsable nos centros sostidos con fondos públicos co obxecto de procurar o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade, dirixido a alumnado con idades





comprendidas entre 3 e 16 anos.

2. Constituír un equipo base interdisciplinario formado por un/a coordinador/a, asesores/as de formación pertencentes ao Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), e aos distintos centros de formación do profesorado (CFR) e profesorado especialista. Este equipo é o responsable da formación e asesoramento aos centros que participen no programa.

3. Seleccionar os centros participantes e organizar as accións formativas e fomentar a participación dos centros educativos e profesorado no programa e actividades de formación habilitando, no seu caso, as medidas precisas para o recoñecemento e certificación ao profesorado da súa participación nas mesmas.

4. Promover a formación permanente do profesorado por medio da estrutura de formación de Consellería e coa colaboración de a Fundación Botín a través da súa Área de Educación, un proceso de formación en Educación Responsable dirixido a profesionais pertencentes ao equipo base proposto pola Consellería de maneira que este constitúase en formadores de formadores, do profesorado dos centros educativos participantes, para o que a Fundación Botín proporcionará os recursos educativos e o seguimento.

#### **As principais finalidades do convenio son:**

1. Establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional e a fundación Botín nas accións e actividades dirixidas á implantación do programa nos centros sostidos con fondos públicos.

2. Constituír un equipo base interdisciplinario formado por un/unha coordinador/a, asesores/as de formación pertencentes ao Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), e os distintos centros de formación del profesorado (CFR) e profesorado especialista. Este equipo é o responsable da formación e asesoramento aos centros que participen no programa.

3. Seleccionar os centros participantes e organizar as accións formativas e fomentar a participación dos centros educativos e profesorado no programa e actividades de formación **habilitando, no seu caso**, as medidas precisas para o recoñecemento e certificación ao profesorado de súa participación nas mesmas.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

